



NON Á DISCRIMINACIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL!

Unha oportunidade perdida para o persoal do SERGAS

CIG-SAÚDE non asina o documento de **Carreira Profesional** por non cumprir as condicións mínimas que demandamos desde o inicio da negociación:

“CIG-Saúde demanda unha Carreira Profesional á que poida acceder todo o persoal, que recompense o esforzo individual en mellorar e actualizarse e que repercute na calidade da atención á cidadanía”

O documento presentado consolida as discriminacións actuais:

- Non pode acceder todo o persoal, deixa fóra ao persoal temporal, en moitos casos con moitos anos de antigüidade. Este persoal sufrirá unha dobre discriminación, xa que unha parte maioritaria non é fixo por causa da taxa de reposición pactada entre os sindicatos e a Administración do Estado, co voto en contra da CIG.
- Deixa a moito persoal fixo fóra do grao que lle correspondería por experiencia profesional.

A pesares de estar condicionados pola sinatura dos outros sindicatos da acta de fin de folga, CIG-Saúde, en coherencia con ter mantido a folga, fixo un esforzo negociador que permitiu mellorar os borradores iniciais, e por isto o último borrador contempla:

- Un único documento de carreira para todas as categorías.
- Todas as categorías cobrarían o 1º grao de encadre no ano 2019. A secuencia de cobros sería igual para todxs xs traballadorxs que accedan á carreira. Aínda que cun cobro fraccionado en dúas partes.
- O valor do grao sería de igual contía retributiva que no réxime extraordinario.
- A pesares de que a acta recollía o acceso a un só grao, coa nosa presión o borrador inclúe o acceso a un 2º grao, nun prazo de 3 anos.
- O persoal funcionario e laboral poderá acceder á carreira, iso sí, tras unha nova oferta de integración.
- Os graos son irreversibles, só se perderá un grao cando medie un expediente con sanción por falta grave ou moi grave. Recuperable no ano seguinte.
- O persoal de promoción interna poderá manter os graos de carreira consolidados na praza base, e progresar nos graos de carreira da nova praza, cun límite de catro graos.

